

# STOP MAKING SENSE 1255

Jonathan Demme, 1984

ESTREA EN NUMAX: 08.03.2024 | V.O.S.E. | 84 min

Unha cita musical e cinematográfica que reúne os Talking Heads, unha das mellores bandas da historia, e o reputado director Jonathan Demme, gañador do Oscar a Mellor Director. Trátase dunha reestrea en cinemas do que é considerado o mellor "concert film" da historia e que a prestixiosa produtora A24 resucitou para reivindicar a incónica banda. Estreada en 1984, o director filmou con sete cámaras e durante catro noites os concertos da banda composta por David Byrne, Tina Weymouth, Chris Frantz e Jerry Harrison no Teatro Pantages de Hollywood Boulevard no Nadal de 1983.

«Transmite unha grande enerxía, como se fose vivida da maneira máis alegre posible»

JRoger Ebert



## Declaracións de David Byrne e Jonathan Demme: «Amo este filme apaixonadamente, con todo o meu corazón»

**Jonathan Demme [JD]:** A principios de 1983, Gary Goetzman e máis eu fomos ver a miña banda preferida, os Talking Heads, aos Hollywood Bowl de Los Angeles. O espectáculo parecía estar pensado para ser filmado e propuxémoslle a David gravar unha película.

**David Byrne [DB]:** Decateime de que o espectáculo era cinematográfico, tiña un certo arco narrativo e pensei que podía funcionar en pantalla. Eu xa coñecía o traballo de Jonathan e adoraba *Melvin e Howard* (1980).

**JD:** Eu era un fanático dos Talking Heads desde o seu primeiro disco. O noso manager, o falecido Gary Kurfirst, foi á Warner pedir financiamento. Unha vez aceptaron a rodaxe podía comezar. Tiñamos o gran traxe, a iluminación, a posta en escena, a coreografía... Todo estaba aí para ser filmado. Todo foi parte do concepto orixinal do espectáculo, desde o principio.

**DB:** Eu estaba en Xapón entre xiras vendo teatro típico xaponés (Kabuki, Noh, Bunraku) e preguntábame que podía poñer na seguinte xira. Un amigo deseñador dixo no seu habitual ton chocalleiro: “Todo é máis grande no escenario”. El referíase á xestualidade pero eu apliqueino á idea do traxe dun home de negocios.

**JD:** As catro noites de rodaxe foron as máis emocionantes da miña vida. Todo pasou tan rápido que para min é un xa un pequeno recordo de éxtase. Foi marabilloso que o director de fotografía fose o falecido Jordan Cronenweth, pois conseguíu para a película o que nunca foi completamente posible no espectáculo en directo. Levou a iluminación cara unha verdadeira austeridade que remite ao branco e negro. Finalmente o proxecto foi conxunto, cortamos e mesturamos con David e a xira posterior tamén a fixemos da man. Na sala de montaxe descubrimos axiña que o máis interesante estaba sempre no escenario, nin entrevistas nin imaxes do público achegaban nada mellor. O uso de planos longos en lugar de cortes rápidos vén da miña crenza en que hai un gran poder na prolongación dun momento e que así é máis doado involucrar o espectador. Moitos cortes adoitan indicar falla de confianza nos intérpretes ou na música.

**DB:** Houbo moitas proxección de *Stop Making Sense*, en festivais de cinema e en salas nas que en moitos casos a xente bailaba nos corredores.

**JD:** Adoro o cinema e adoro a música. Acotío sinto que filmar música é dalgunha maneira o xeito máis puro de facer cinema. Esa tola colisión de son e imaxes, a intensa colaboración, as actuacións incrivelmente cinematográficas... Mesmo alguén coma min que non sabe tocar sentíame integrante da banda.

**DB:** Creo que o filme demostrou que un concerto pop pode ser unha caste de teatro, non no sentido pretencioso, senón que pode ser visual e dramaticamente sofisticado e aínda así podes bailar nel.

**JD:** Sabía que capturáramos a maxia dunha banda extraordinaria no momento xusto, pero nunca imaxinei que estaría tan presente e tan fresca décadas despois. Amo este filme apaixonadamente, con todo o meu corazón.